




PONTILLÓN DE CASTRO-ACIBAL

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2022



Distancia: 12 km (ida e volta)
Dificultade: media



Cume do Acibal desde as brañas



Encoro de Pontillón de Castro

Unha camiñada con dous puntos de interese: o encoro e o cume, que tamén poden ser dúas visitas puntuais porque o espazo entre un e o outro discorre por pistas forestais, entre eucaliptos, nas que non hai nada de interese, a non ser algunha pereira brava, que resiste, e algúns carballos novos, que conseguen saír adiante apurando as escasas opcións que se lle presentan de aproveitar a luz e o terreo nas beiras dun espazo inzado de competidores que os abafan, e algunhas plantas menores que, na primavera, amosan as súas flores.

O encoro non é importante polo seu tamaño pero si pola súa utilidade: foi construído a mediados do século XX como unha das fontes de abasto de auga para a cidade de Pontevedra e desde comezos do século XXI tamén está acondicionado como espazo para o desenvolvemento de probas deportivas. Ten un camiño que o rodea, de case 3,5 km, e unha área de lecer con miradoiro na súa contorna o que o converte nun lugar moi axeitado para unha visita ou un paseo. E o Acibal destaca polas panorámicas de 360º que se abranguen desde el: polo oeste a costa, as illas Cies, as rías de Pontevedra e da Arousa, e as serras que as limitan; e o interior cos montes Xiabre, Xesteiras e os montes dos Cregos, ao norte, ao leste até os cumes da Dorsal Galega, ao sur os montes da Castrelada, A Fracha, a serra do Galleiro... e no seu pé as brañas das fontes do río Rons e o curro de Amil.



Río Rons curto percorrido pero varias zonas de interese: as brañas do seu nacemento, o encoro de Pontillón de Castro e as xunqueiras de Alba, espazo natural de interese local de Pontevedra.

PERCORRIDO

Para achegarnos ao encoro podemos ir desde Pontevedra, por Lérez, a Verducido, uns 9,5 km, ou desde Barro, collendo en San Amaro unha estrada á esquerda, sinalada como Verducido, Xeve e Ourense, 3,3 km.

Para achegarnos ao curro de Amil, punto de partida para subir ao Acibal, até onde hai un tramo de pista de terra e unha última subida que só se pode facer a pé, de 3 a 4 km ida e volta; podemos facelo desde Moraña, pola estrada de Moraña a Pontevedra, uns 8 km; desde Pontevedra por Xeve, uns 15 km; e desde Barro, Santo Antoniño, pola estrada que pasa polo campo de fútbol, 3,5 km.

Para facer a ruta completa o máis acaído podería ser facer primeiro a subida, de case 400 m de desnivel, e baixar logo, para iso temos que comezala no encoro, mais como para gustos cada un ten o seu pode comezar ou rematar onde mellor lle pareza. A camiñada de ida e volta son de 10 a 12 km e 3,5 km máis coa volta ao encoro.

Compre preparar un itinerario porque non hai ningún sinalado, a non ser a Senda do Loural, pero sen indicadores suficientes como para poder seguila, o que é unha pena porque un tramo transita, fóra das pistas, por un camiño vello, con partes empedradas e fondas rodeiras, que pasa ao pé dunha pequena mancha de carballos de bo porte asentada no fondo do val do rego das Cortes.

Comezamos a camiñada pasando polo sur do **encoro** e ao pouco de comezar a remontalo polo leste, atopamos unha pista á dereita e por ela, collendo os desvíos que se acheguen máis dereitos ao Acibal, imos saír ao **Alto da Lumieira** onde, cun curto desvío á esquerda, atopamos un fermoso punto panorámico sobre a costa. Volvendo atrás e seguindo de fronte saímos á pista que nos leva á estrada.

Indo á dereita pola estrada chegamos ao peche do pasteiro das **brañas do nacemento do río Rons**, onde se atopa o curro. De alí mesmo sae unha pista que o rodea e, á esquerda, un camiño descoidado entre piñeiros que leva ao arranque da subida ao cume do **Acibal**, pero é máis doado seguir a pista ata chegar a un atallo ou, un pouco adiante, ao arranque dunha pista á esquerda que nos leva ata o alto onde temos, á dereita, unha costa recta e de forte pendente, o derradeiro obstáculo para chegar ao cume. A volta podemos facela polo camiño da ida, ou baixar pola outra pendente ata unha pista que nos leva de volta ao pé do peche do pasteiro. Seguímolo, indo cara á esquerda, ata a estrada e alí imos á dereita para chegar ao acceso ao curro (podemos achegarnos a coñecelo). Volvemos logo á estrada para completar a volta ao peche e comezamos o camiño de volta polo mesmo que a ida -estrada, arranque da pista..., pero na volta de desviarnos cara o alto da Lumieira seguimos pola pista principal e, sen deixala, volvemos á pista pola que subimos case ao pé do encoro. Podemos rematar dándolle a



Panorámica do encoro de Pontillón de Castro



Alto da Lumieira



Brañas do nacemento do río Rons



Vista desde o cume do Acibal: a ría de Pontevedra, o Castrove e a ría de Arousa



Vista desde o cume do Acibal cara á ría de Pontevedra



Vista desde o cume do Acibal cara ao leste



Vista desde o
cume do Acibal
cara á ría
da Arousa



Brañas e curro



Vista desde o cume do Acibal cara ao norte, coas brañas do río Rons



Gando nas brañas do nacemento do río Rons



Plantas típicas das brañas e flores de *Narcissus bulbocodium*



Unha boa parte da área das brañas está ocupada por plantacións de eucaliptos. As brañas son zonas húmidas onde se acumula a auga que serve de reserva e nacemento de ríos



Curro de Amil un día de rapa das bestas

O curro de Amil celébrase no lugar do Pasteiro, na parroquia de Amil (Moraña). Os cabalos que viven todo o ano libres báixanse do monte para ser separados, marcados, e rapados.

